



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

DECRETO DE ALCALDÍA

ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA OBRA MELLORA DE ACCESOS DENDE O NÚCLEO DE POUSADELA NA ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE PREVESOS ATA A PARROQUIA DE SANTA LEOCADIA.

D. Francisco Javier Balado Teijeiro, Alcalde-Presidente do Concello de Castro de Rei, (Lugo).

Visto que o Decreto de Alcaldía nº 106/2018, de 27 de marzo propuso á empresa "FRANCISCO GÓMEZ Y CIA S.L.", como licitador que tiña presentado a proposición máis ventaxosa aos intereses municipais para a execución da obra de referencia, facendo constar entre outros os seguintes aspectos:

"...Examinada a documentación procédese á apertura dos sobres 1 "Documentación administrativa" e sobres 2 "Oferta económica" dacordo co recollido na Acta celebrada o día 19 de marzo de 2018, co seguinte resultado:

LICITADOR	PROPOSTA ECONÓMICA
FRANCISCO GÓMEZ Y CIA S.L. Puntuación: 9,196 puntos	Menor precio: 62.894€ Melloras na calidade: 9.132,48 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 6 anos
CANTERAS ISIDRO OTERO S.L. Puntuación: 9,118 puntos	Menor precio: 64.085,43€ Melloras na calidade: 9.132,48 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 6 anos
T.A. ISIDRO HERMANOS BLANCO TRIGOS S.L. Puntuación: 8,607 puntos	Menor precio: 73.175,83€ Melloras na calidade: 9.132,48 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 72 meses
OBRAS Y VIALES CERNE S.L. Puntuación: 8,344 puntos	Menor precio: 62.100€ Melloras na calidade: 5.000 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 6 anos
CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ S.L. Puntuación: 7,575 puntos	Menor precio: 57.688€ Melloras na calidade: 9.132,48 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 2 anos
CHOLO S.L. Puntuación: 7,261 puntos	Menor precio: 70.165,29€ Melloras na calidade: 9.132,48 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 3 anos
ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L. Puntuación: 6,375 puntos	Menor precio: 52.792,22€ Melloras na calidade: 4.000 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 12 meses
GRUPO BASCUAS 2008 S.L. Puntuación: 5,389 puntos	Menor precio: 64.123,16€ Melloras na calidade: 1.250 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 2 anos
HORDESCON S.L. Puntuación: 4,613 puntos	Menor precio: 64.854,92€ Mellora na calidade: 200 m/2 Ampliación do prazo de garantía: 12 meses

..."

Vista a solicitude de autorización previa ao Servicio da Comisaría de Augas, de data 27/06/17, con rexistro de saída nº 835, pendente de resolver.

Visto o Informe emitido polos Servicios Técnicos da Xefatura Territorial de Patrimonio Cultural de Lugo, de 13/07/17, que tivo entrada no concello o día 18/07/17, co nº 1.974, para realizar as obras de Mellora de accesos dende o núcleo de Pousadela ata a parroquia de Santa Leocadia, co carácter de favorable.

Vista a documentación presentada pola empresa Francisco Gómez y Compañía S.L., presentada o día 6 de abril de 2018 co nº 1.031, tralo requirimento feito pola Alcaldía en decreto nº 106/2018, de 27 de marzo.

O órgano de contratación en virtude do disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril de Bases de Réxime Local e do Decreto de Alcaldía 54/2016, de 7 de marzo (publicado no B.O.P. nº 79, de 7 de abril de 2016)

ACORDA:

Primeiro.- Avogar temporalmente, por razón de urxencia, a competencia delegada por esta alcaldía na xunta de goberno local en virtude do decreto de alcaldía nº 54/2016, de 7 de marzo.

Segundo.- Declarar válido o acto de licitación, e dacordo co artigo 151 do Texto refundido da lei de contratos do sector público descartar como licitadores ás empresas Canteras Isidro Otero S.L., T.A. Isidro Hermanos Blanco Trigo S.L., Obras y Viales Cerne S.L., Construcciones Leonardo Miguélez S.L., Cholo S.L., Asfalgal Técnicas Viarias S.L., Grupo Bascuas 2008 S.L e a Hordescan S.L., en base ás ofertas presentadas relativas á documentación contida no sobre 2 "Oferta económica" do prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a contratación.

Terceiro.- Aprobar o gasto polo importe total de setenta e seis mil cento un euros con setenta e catro céntimos (76.101,74€) con cargo á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento vixente.

Cuarto.- Adxudicar o contrato da obra Mellora de accesos dende o núcleo de Pousadela na zona de concentración parcelaria de Prevesos ata a parroquia de Santa Leocadia, á empresa "Francisco Gómez y Compañía S.L." provista do CIF B-15009533, por ser a oferta máis ventaxosa aos intereses municipais de acordo co prego de cláusulas administrativas particulares aprobado para os efectos e de conformidade coa oferta proposta polo licitador, por un importe de setenta e dous mil oitocentos noventa e catro euros, (62.894€) máis trece mil douscentos sete euros con setenta e catro céntimos (13.207,74€) son de IVE con cargo á aplicación orzamentaria correspondente do orzamento vixente.

O prezo total da obra ascende á cantidade de setenta e seis mil cento un euros con setenta e catro céntimos (76.101,74€)

As melloras na calidade das obras consisten en 9.132,48 metros cuadrados, segundo a documentación presentada polo licitador.

O prazo de garantía, segundo a documentación presentada polo licitador é de 6 anos a maiores do ano esixido no prego de cláusulas administrativas particulares, que rixe a contratación.

Quinto.- Notificar o presente acordo ao adxudicatario así como ao restos dos licitadores excluídos.



CONCELLO DE CASTRO DE REI (LUGO)

Praza Maior, nº 1 - Tel. 982 31 40 34 - Fax 982 31 40 61 - C. P. 27250
C. I. F. P- 2701000 H - R. E. L. 01270109

Sexto.- Nomear como director da obra e coordinador a D. Alberto Flores Aguiar e notificar este nomeamento.

Sétimo.- Publicar o anuncio de adxudicación no perfil do contratante, procedendo á formalización do contrato e a súa publicación no devandito perfil de conformidade co disposto no artigo 154 do TRLCSP.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE NA DATA QUE FIGURA Á MARXE